

PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL “PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA”

Vales Vázquez, Carlos. CEIDA; cvaless@ceida.org

Calvo González, Laura. CEIDA; laura.calvo@ceida.org

Prieto Soto, Ángel. CEIDA; angel.prieto@ceida.org

Gude Armas, Jorge. CEIDA; jorge.gude@ceida.org

PALABRAS CHAVE: educación, ambiente, formación, sensibilización.

1. INTRODUCCIÓN

O Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental “Para unha transición ecolóxica” desenvolvido polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), en colaboración coa Deputación da Coruña, da a coñecer e pon en valor o patrimonio natural e cultural de Galicia a través do coñecemento dos Espazos Naturais Protexidos, facendo que os participantes establezan vínculos e relacións afectivas co medio en todas as actividades, fomentando e sensibilizando sobre unha visión respectuosa da contorna que lles permita adquirir actitudes e comportamentos cara a conservación destes espazos naturais, dando a coñecer de xeito específico as problemáticas ambientais ás que nos estamos a enfrontar na actualidade e que teremos que combater entre todos e todas no futuro máis próximo.



Estamos ante un momento de grave crise ambiental no que a emerxencia climática, cada vez máis visible a través de eventos meteorolóxicos extremos, o acelerado ritmo de perda da biodiversidade a nivel mundial e a contaminación mariña son, se cadra, fenómenos con especial relevancia social e que nos levan a abordar estratexias de intervención con especial urxencia. A necesaria descarbonización da nosa sociedade e a transición cara modelos máis sustentables require dunha cidadanía que reclame e participe activamente na consecución dos nosos obxectivos. Pero para lograr este empoderamento temos que acadar unha sociedade civil informada e coñecedora da situación real dos problemas ambientais, dos retos que supoñen e da urxencia na toma de decisións e de medidas para mitigar ou adaptarnos aos cambios que se producirán.

Da mesma maneira, a actual sociedade de consumo leva da man a xeración de residuos en cantidades intolerables para o noso planeta. Estes residuos ameazan de xeito moi intenso aos ecosistemas terrestres e mariños, por non falar da propia saúde humana.

A meirande parte dese lixo acaba por chegar aos océanos e as nosas costas, provocando problemáticas ambientais moi graves que, aínda así, pasan desapercibidos para a maioría da poboación: a súa persistencia no medio, os danos na flora e na fauna, os microplásticos e un largo etcétera, polo que resulta necesario mitigar e reverter esta situación.

2. CONTEXTO E NECESIDADES ÁS QUE ATENDE ESTE PROGRAMA

Na actualidade os países occidentais consumimos recursos por enriba das posibilidades do planeta. Sufrimos un aumento das emisións de gases de efecto invernadoiro que inflúen no cambio climático e xeramos grandes cantidades de residuos inasumibles polos nosos ecosistemas mariños e terrestres. O programa xurde da necesidade de combater estes graves problemas ambientais, primeiro dándoos a coñecer para logo implicar a toda a sociedade na protección e conservación do patrimonio natural.

O programa divídese en 3 eixos temáticos fundamentais:

- **Emerxencia climática:** o pasado mes de maio de 2021 o Goberno central publicou a primeira “Ley de Cambio Climático y Transición Energética”. Nela fíxanse unha serie de obxectivos que debemos alcanzar antes do ano 2030: reducir as emisións de efecto invernadoiro un 55% respecto ás de 1990, utilizar ao menos un 42% de enerxías renovables no noso consumo e que o sistema eléctrico proveña nun 74% de enerxías renovables. Ademais deste inmenso reto precisamos dunha poboación que se poña no centro da acción, máis sensibilizada con este problema e comprometida na súa solución. Para isto faise preciso reforzar os mecanismos de participación social, incluíndo por suposto á mocidade.
- **Lixo mariño:** neste momento xeramos residuos en cantidades intolerables para o planeta. Unha gran maioría dos recursos que consumimos no noso día a día conteñen plástico, sendo ademais moi frecuente que este sexa dun só uso. A falta de sistemas de xestión e reciclaxe eficaces provoca que moitos dos residuos rematen ameazando os nosos ecosistemas, sobre todo os mariños. É un problema que pasa desapercibido para a maior parte da poboación polo que resulta necesario que se coñeza para poder mitigalo. É importante que a cidadanía –incluídos os escolares- recapacite e comprenda que con pequenos cambios nos nosos hábitos cotiás podemos influír poderosamente na redución dos residuos que xeramos.
- **Espazos naturais protexidos:** a meirande parte das veces os espazos naturais que temos máis preto e os problemas ambientais que padecen pasan totalmente desapercibidos. Dar a coñecer e poñer en valor o seu rico patrimonio natural e cultural permitíranos establecer con eles vínculos afectivos. As nosas actividades reforzan unha visión máis respectuosa da contorna coa que adquiriremos actitudes de cara a súa conservación. Este programa oferta

traballar en tres dos principais espazos naturais protexidos da provincia da Coruña: Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Parque Natural das Fragas do Eume e Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

3. OBXECTIVOS

O Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental “Para unha transición ecolóxica” que o CEIDA oferta, ten como obxectivo dar coñecer e poñer en valor o patrimonio natural e cultural de Galicia, que os participantes en todas as actividades establezan vínculos e relacións afectivas co medio que os rodea, fomentando e sensibilizando sobre unha visión respectuosa co seu contorno máis próximo o que lles permita adquirir actitudes e comportamentos cara á súa conservación. Concienciar sobre estes valores é un dos obxectivos deste Programa.

Os obxectivos específicos, divididos por temas de traballo, serían:

- Emerxencia Climática:

1. Entender as problemáticas das cales deriva a emerxencia climática e como esta nos afecta.
2. Dar a coñecer os escenarios futuros nos que nos poderíamos atopar de non comezar a actuar de contado.
3. Coñecer as ferramentas que posuímos para mitigalo e revertelo individualmente e como sociedade.

- Lixo Mariño:

1. Identificar esta problemática, sendo capaz de entendela e ollala de xeito crítico.
2. Coñecer os impactos negativos que orixinan as nosas actividades cotiás na xeración de residuos.
3. Traballar e implicar no desenvolvemento das posibles solucións que nos poden levar á mitigación e corrección deste grave problema ambiental.

- Espazos Naturais Protexidos:

1. Analizar os recursos que amosa e aporta o territorio ás xentes locais de cada un dos Parques Naturais e da Reserva da Biosfera.
2. Coñecer o patrimonio natural que albergan estes espazos, así como o valor ambiental xeral a través da súa historia.
3. Entender as problemáticas ambientais ás que están sometidos estes espazos en busca da protección, conservación e mantemento dos mesmos.

4. METODOLOXÍA

O Programa “Para unha transición ecolóxica” inclúe distintas actividades de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental en varios formatos e con diferentes aspectos metodolóxicos.

Realizamos conferencias didácticas e obradoiros, dirixidas tanto ao alumnado como ao profesorado. Este tipo de actividades céntranse nas temáticas que preocupan hoxe a parte da sociedade, desenvolvendo temas actuais como o da emerxencia climática, a problemática do lixo mariño ou a conservación dos océanos, pero tamén destacando a riqueza dalgúns dos espazos naturais protexidos, os seus problemas e as oportunidades que nos brindan figuras como os Parques Naturais para a protección de especies vulnerables ou en perigo de extinción e a figura da Reserva da Biosfera como un motor para o desenvolvemento socioeconómico dun territorio.

Outra parte necesaria son actividades de capacitación e sensibilización ofertadas á sociedade en xeral, imprescindible para crear unha cidadanía concienciada, crítica e con coñecementos suficientes para unha participación efectiva na toma de decisións.

Posúe tamén este proxecto un apartado de Exposicións Itinerantes que achega a toda a cidadanía actividades de sensibilización e educación ambiental sobre os grandes desafíos e retos na conservación da biodiversidade. Este obxectivo é compartido dende o Centro de Documentación Domingo Quiroga cun servizo de préstamo de fondos, de asesoramento e consulta a través dun acceso rápido a documentos científicos, divulgativos ou revistas especializadas.

Do mesmo xeito, todas estas actividades deben ir acompañadas da elaboración de materiais didácticos e divulgativos necesarios para acadar os obxectivos marcados, principalmente o de facer partícipe á cidadanía, por unha parte, do descubrimento da riqueza do noso patrimonio, da necesidade de traballar para a súa conservación e tamén das posibilidades que existen hoxe en día nalgunhas áreas protexidas para o desempeño de actividades produtivas e que se converten en verdadeiros reservorios de biodiversidade.

- **Educación ambiental**

Utilizamos unha metodoloxía na que buscamos que o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe: para isto resulta vital facer ó alumno o principal actor das accións formativas, nas que a través das chamadas “presentacións dialogadas” se vai formando un debate/coloquio na aula na que o educador ou educadora é o moderador ou encargado de ir introducindo os contidos na orde axeitada segundo van saíndo as ideas e preconceitos das rapazas e rapaces.

Para as tres liñas de contidos propostas, o esquema de traballo sería o mesmo:

Unha primeira sesión na que se expón unha conferencia de 50 minutos aproximadamente (adaptándonos ó tempo de duración dunha clase) e unha segunda sesión na que poderán, segundo o tema, escoller unha das seguintes actividades:

- Emerxencia climática:

1. Un obradoiro sobre a pegada ecolóxica onde o alumnado calculará a súa. Farase un debate en base ós resultados obtidos por cada un e poñerase en valor a importancia de minimizala.
2. A cesión dunha exposición itinerante sobre emerxencia climática e unha unidade didáctica asociada á mesma.

- Lixo mariño:

1. Revisión do estado e limpeza dunha praia da provincia da Coruña.
2. Obradoiro de Crebeir@s, onde os educadores levan á aula o lixo recollido nunha praia e mediante a metodoloxía anteriormente descrita, tratan de chegar á súa orixe, ó seu uso, cómo e por qué acabou no mar, que puido fallar na súa xestión, que alternativas existen..., para posteriormente debater sobre o “greenwashing” e as posibilidades que temos para levar a cabo a loita contra esta problemática das nosas costas.

- Espazos Naturais Protexidos:

1. Ruta guiada por algún dos espazos naturais protexidos da provincia da Coruña:
 - Parque Natural das Fragas do Eume:
“Fragas do Eume: descubrindo tesouros e maxia”
 - Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán:
“Camiño de vento e area: coñecer para protexer”
 - Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo:
“Acho que vivo nunha reserva”
“O mar e a costa, recursos valiosos para todos/as”
“A Illa de Sta Cruz, un rico patrimonio natural e histórico”

• **Capacitación ambiental**

En paralelo ao programa de educación ambiental, organizáronse actividades formativas e de divulgación destinadas a outros públicos obxectivo. Propuxéronse como eixos destas actividades os mesmos que para os programas educativos por estar interrelacionados e precisar de intervencións concretas para cada un deles tanto a nivel social como persoal.

Incluíuse tamén unha formación sobre conservación vinculada a espazos da provincia da Coruña: Parques Naturais das Fragas do Eume e de Corrubedo e a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Fragas do Mandeo, pola necesidade de coñecer, valorar e preservar estes espazos de altísimo valor ecolóxico e pola contribución que estes teñen na loita contra o cambio climático e para a conservación da biodiversidade.

Aínda que nun principio as actividades estaban deseñadas para realizarse de forma presencial, os programas foron adaptados para levarse a cabo en formato online dada a situación sanitaria existente. Finalmente houbo programas e formacións que se desenvolveron de xeito presencial grazas ao avance da situación sanitaria.

- *As Reservas da Biosfera: oportunidades para o territorio*

Por unha banda traballáronse as Reservas de Biosfera a nivel mundial e o programa “*Home e Biosfera*” da UNESCO. Ademais tratáronse as Reservas de Biosfera do mundo lusófono, e para rematar adicóuselle un dos dous días á Rede Galega de Reservas de Biosfera, destacando a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e poñendo en valor o seus plan alimentario e de ecoturismo.

- *Emerxencia climática: un reto para a humanidade*

Nestas xornadas traballáronse as causas e efectos do cambio climático tanto en España como en Galicia, a necesidade de naturalizar as cidades de cara a afrontar dita emerxencia climática e o proxecto de análise comparativo das necesidades de mitigación e adaptación ao cambio climático en España.

- *Conservación e posta en valor do patrimonio natural da provincia da Coruña.*




- *Roteiros dnsde a casa: programa de visitas guiadas virtuais*

- ✓ O castelo de Santa Cruz
- ✓ A Costa de Dexo
- ✓ Os Faros de Mera

A través da canle de YouTube do CEIDA realizáronse estas tres actividades virtuais.

As actividades divulgáronse de forma conxunta a través da lista de distribución, web e perfís en redes sociais do CEIDA e tiveron moito éxito de convocatoria cubríndose as todas as prazas ofertadas. Unha vez rematadas as actividades formativas remitiuse ás participantes o seu certificado de asistencia, o link coas gravacións das xornadas e unha ligazón a un formulario de avaliación da actividade no que se valoraban distintos aspectos tanto organizativos como de contidos.



O programa formativo do proxecto incluíu tamén materiais. Ademais dos carteis divulgativos das diferentes actividades, elaborouse un Manual sobre As Fragas do Eume que complementaba a actividade formativa sobre este espazo natural protexido.

- *V Encontro Internacional sobre lixo mariño: Crebeiros no mundo*

Esta actividade diferénciase das anteriores porque se plantexou cun marcado carácter divulgativo. O CEIDA, xunto coa Asociación Mar de Fábula e RetoqueRetro, levan dende o ano 2016 realizando xornadas anuais nas que se dan a coñecer experiencias internacionais de loita contra o lixo mariño e a concienciación sobre esta problemática a través da arte.



A actividade, nun principio pensada para desenvolverse en formato presencial, tivo que ser adaptada a un formato online debido á situación sanitaria. Co fin de achegala ao maior número de persoas posible desenvolveuse en directo a través da canle de Youtube do CEIDA. Na actualidade os vídeos acumulan máis de 430 visualizacións.

A prol de pechar o círculo, realizouse unha limpeza de praias en colaboración coa Asociación Mar de Fábula no areal de Santa Cristina no concello de Oleiros o 21 de novembro. A actividade fíxose seguindo os protocolos sanitarios de prevención do COVID-19, limitando as prazas dispoñibles. Participaron 22 persoas que limparon a praia e posteriormente clasificaron o lixo recollido en diferentes categorías.



- *Interpretación temática en Espazos Naturais Protexidos*

Esta formación céntrase na interpretación do patrimonio como metodoloxía para comunicar os valores e a importancia do patrimonio. A finalidade deste curso (de 35 horas de duración) foi expoñer e analizar os conceptos esenciais que fan desta disciplina unha metodoloxía idónea para conectar co público que visita os espazos naturais, poñendo especial énfase nesta idea central que denominamos “tema interpretativo”.

Por mor da situación epidemiolóxica tivo que facerse online, constando de 5 unidades didácticas con exercicios prácticos, conferencias semanais en directo, titorías persoais, seguimento personalizado, e foro de dúbidas e cuestións xerais.

O curso estaba dirixido a persoas que traballasen ou desexen traballar na interpretación do patrimonio ao público, a estudantes e profesionais de ámbitos como turismo, xestión cultural e medio ambiente; buscaba que á finalización do mesmo os participantes fosen quen de analizar os recursos patrimoniais e facelos tanxibles para unha comunicación máis efectiva, que fosen quen de empregar a metodoloxía T.O.R.A., etc.



- *O océano: vida e sustento*

Dentro das actividades enmarcadas dentro do programa, nesta xornada organizáronse dúas conferencias: unha sobre a conservación dos océanos e outra sobre os proxectos que o CEIDA está a desenvolver en torno a esta liña de traballo.

- *Proxecto Tanza: inclusión social, sector pesqueiro e economía circular*

A xornada serviu para dar a coñecer os servizos que oferta o CEIDA, así como os programas e actividades de educación e concienciación ambiental que poden resultar de interese para desenvolver por TANZA, cuxa principal liña de traballo é a inclusión social no sector pesqueiro de cara á economía circular. Entre as súas actividades destacan a valorización de residuos plásticos, colaborando con confrarías e implicando ós concellos das zonas costeiras.

A diferenza da maioría, esta actividade realizouse en formato presencial pero con aforo moi reducido, buscando así formar e informar ás persoas e entidades máis achegadas a colectivos con necesidades de inclusión: TANZA presentou o seu proxecto e dende o CEIDA déronse unhas pautas formativas sobre a chamada “Cultura Oceánica” e a problemática do lixo mariño.

- *Reservas da Biosfera e os 50 anos do programa MaB*

Nesta xornada, coincidente co Día mundial do medio ambiente, organizáronse dúas conferencias sobre as Reservas de Biosfera de Galicia, coincidindo á súa vez co 50 aniversario do programa “*Home e Biosfera (MaB)*”. A creación destas Reservas ten como obxectivo principal o desenvolvemento do territorio, das súas empresas e dos seus produtos; así como a conservación de recursos ambientais e o fomento de actividades tradicionais.

Tratouse en dúas conferencias: unha primeira por parte do CEIDA poñendo en valor o traballo realizado pola nosa banda nas Reservas de Biosfera galegas, e na segunda a cargo do director da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, onde se destacaron as súas liñas de traballo.

• **Divulgación ambiental**

O CEIDA ten entre os seus obxectivos a sensibilización ambiental de toda a cidadanía, non só dos escolares. É por iso que presentamos información sobre os grandes desafíos ambientais adaptada para o público en xeral en forma de exposicións itinerantes. Son cedidas en préstamo a todas aquelas institucións, centros educativos, concellos, asociacións ou colectivos interesados e que dispoñan dun espazo habilitado para a súa exhibición.

Todas as mostras están deseñadas de xeito que o seu transporte sexa doado e teña o menor custo posible. Trátase dun programa xa consolidado que aumenta ano tras ano a súa demanda, reafirmando este modelo como óptimo para achegar dita información á cidadanía.

Inclúense 7 mostras posibles que poden ser cedidas nun período de entre 15 días e un mes segundo a demanda.

- “*Emerxencia climática*”: achega ao público aspectos básicos relacionados con este grave problema ambiental global, para favorecer a súa comprensión, xerar procesos de reflexión e conseguir comportamentos dirixidos á acción para a súa mitigación e adaptación.
- “*Coidando o noso mar*”: aborda a problemática dos residuos sobre o medio mariño, xunto coa necesidade de conservación destes ecosistemas tan fráxiles como descoñecidos.
- “*O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción*”: dividida en 3 partes, trata as orixes, consecuencias e posibles solucións ao cambio climático.
- “*Áreas Mariñas Protexidas*”: expón a fragilidade dos ecosistemas mariños e costeiros, a nivel galego e mundial, e a necesidade de abordar a súa conservación mediante a protección legal das zonas de maior valor.
- “*Patrimonio Marítimo de Galicia*”: pon en valor a enorme vinculación da cultura galega co mar, a través de aspectos tan diferentes como construcións, embarcacións, festas, tradición oral, vestimenta, etc.
- “*Operación Monarca*”: a bolboreta Monarca voa miles de quilómetros coas súas fráxiles ás para visitarnos cada outono. Composta por 5 paneis sobre a identificación, bioloxía, migracións e presenza en Galicia.
- “*Reservas de Biosfera*”: explica a relevancia destas figuras de protección e presenta a candidatura a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O CEIDA está actualmente a deseñar unha oitava exposición sobre a Cultura Oceánica para poñer en valor a relación bidireccional entre o ser humano e o océano. Servirá para dar a coñecer este novo termo e os seus 7 principios adaptados a nosa realidade social, cultural e xeográfica.

- **Asesoramento e documentación**

O centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, pertencente e vencellado ó CEIDA, é un centro público de recursos de información e documentación sobre a Educación Ambiental e o Medio Ambiente. Entre os seus servizos destacan: consulta en sala, préstamo de documentos, procuras especializadas de información e envío de boletíns mensuais de novidades bibliográficas xunto con información ambiental de actualidade.

Como centro de documentación realiza unha análise detallada dos materiais e ofrece un amplo número de servizos co fin de facilitar un acceso rápido e eficaz á información ambiental. Tamén forma parte dunha rede estatal, RECIDA (Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental), que reúne diferentes unidades de información representantes de 14 autonomías do estado español.

A súa importancia radica na singularidade e especialización dos seus fondos:

- Documentos técnicos, científicos ou divulgativos e recursos didácticos.
- Revistas especializadas cun rápido acceso aos seus artigos.
- Proxectos, informes, e documentación inédita.
- Documentais educativos e divulgativos.
- Folletos e carteis.
- Recursos electrónicos dispoñibles en Internet.

Tipo documento	Nº exemplares
Libros	8.281
Revistas	134
Artigos baleirados	15.328
Audiovisuais	798
Literatura gris	918
Cartografía	265
Folletos	3.516
Recursos electrónicos	203
TOTAL	29.443

A variedade de usuarios tamén é ampla e o catálogo en liña pódese visualizar dende a dirección: <http://documentacion.ceida.org>

Outros recursos dispoñibles son:

- *Maleta Mariñeira: explorando os océanos*: unha colección de libros informativos e álbums ilustrados sobre a temática do medio mariño. Nace co obxectivo de dar a coñecer e promover a cultura mariña e o coñecemento dos océanos, coñecida como 'cultura oceánica', así como as actuais problemáticas ambientais que ameazan a súa conservación. Un recurso que busca fomentar a reflexión e a adopción de actitudes e comportamentos positivos cara á conservación dos océanos.
- *Guía de recursos sobre o lixo mariño*: No relativo a este proxecto o Centro de Documentación do CEIDA elaborou unha guía didáctica sobre lixo mariño. Esta Guía de recursos sobre o lixo mariño consiste nunha serie de materiais didácticos e informativos para traballar a problemática do lixo mariño a disposición tanto dos profesionais da educación, formal e non formal, como das familias, unha selección de documentos cos que traballar a problemática do lixo mariño en todos os niveis educativos. Inclúe recursos para todos os niveis educativos, algúns dispoñibles en formato físico (en préstamo no centro) e outros que se poden descargar directamente dende a rede.



A guía está dispoñible para a súa consulta na web do CEIDA (<http://www.ceida.org/gl/novidades/guia-de-recursos-educativos-sobre-lixo-marino>).

- **Plan de Comunicación**

Todas as actividades incluídas no programa difúndense mediante diversos medios de comunicación como a prensa ou a radio e nas redes sociais a través dos canais do propio CEIDA:

- Lista de distribución do CEIDA con 6.961 suscriptores.
- www.ceida.org
- <https://www.facebook.com/ceidagalicia>
- <https://www.instagram.com/ceidagalicia/>
- <https://twitter.com/ceidagalicia>
- <https://www.youtube.com/c/ceidagalicia/videos>

Tamén se realizou un vídeo promocional do programa. Pódese ver na seguinte ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=Si4fVs-9qzk>


5. RESULTADOS

- **Programa de Educación Ambiental**


A acollida do programa dende outubro de 2020, dende que se empezou a levar a cabo, é a seguinte:

Nº de centros	Nº de concellos	Nº de aulas	Nº de alumnxs
41	35	306	5486

Os centros escolares participantes pertencen aos 35 Concellos da provincia da Coruña, que se amosan en vermello na seguinte imaxe:



Cabe destacar que as actividades ían dirixidas ao último ciclo de Educación Primaria e toda a Educación Secundaria Obrigatoria, pero recibimos solicitudes doutros cursos (Formación Profesional, segundo ciclo de Educación Primaria e Bacharelato) e valoramos incluílos no programa. No caso da formación profesional, as solicitudes pertencían a diversas especialidades relacionadas cos ámbitos ambiental, forestal e turístico. Nos seguintes gráficos pódense ver a demanda por cursos e as actividades traballadas:



Nesta táboa está recollida a localización e a tipoloxía de centros que participaron.


CONCELLO	CENTRO
A Baña	CPI San Vicente
A Coruña	CEIP Alborada
	CEIP María Barbeito
	IES Sardiñeira
Ares	CPI As Mirandas
As Pontes	IES Moncho Valcarce
	IES Castro da Uz
Arzúa	IES de Arzúa
Betanzos	CPR Nuestra Señora del Carmen
Brión	IES de Brión
Cabanas	CEIP Eladia Mariño
Camariñas	IES Pedra da Aguia
Cambre	CEIP Emilio González López
Cerceda	CPI O Cruce
Coristanco	CPI Alcalde Xosé Pichel
Culleredo	CPR Andaina
Curtis	IES de Curtis
Ferrol	CIFP de Rodolfo Ucha
	CPR Jesús Maestro
Frades	CPI Pontecarreira
Malpica	IES Urbano Lugrís

Mazaricos	CEIP Víctor Saez
Moeche	CEIP San Ramón
Mesía	CPI de Xanceda
Monfero	CPI Virxe da Cela
Narón	CRA de Narón
Neda	CEIP de Maciñeira
O Pino	CPI Camiño de Santiago
Oleiros	IES María Casares
Outes	CEIP Plurilingüe de Outes
Pobra do Caramiñal	IES Pobra do Caramiñal
Pontedeume	CPR Luis Vives
	IES Breamo
Porto do Son	IES Porto do Son
Rianxo	IES Felix Muriel
Sada	CEIP O Mosteirón
Santiago de Compostela	CEIP das Fontiñas
	CPR San José de Cluny
Val do Dubra	CEIP Xacinto Amigo Lera
Vimianzo	IES Terra de Soneira
Zas	IES Maximino Romero Lema


Conseguimos chegar a un total de 41 centros, cifra que dende o CEIDA consideramos moi positiva posto que este programa desenvolveuse nun contexto de crise sanitaria global. Á hora de divulgar a oferta moitos dos centros da provincia descartaron facer calquera actividade que resultase allea ó centro, que implicase saídas ou fose traballada con terceiros.

De cara á continuidade do proxecto e coa finalidade de mellorar a nosa oferta educativa, consideramos imprescindible achegar ó profesorado unha enquisa de avaliación. Nela valóranse catro características relacionadas co programa: información previa recibida, duración da actividade, adaptación dos contidos ós participantes e o equipo de educadores e educadoras ambientais.


Do mesmo xeito, pídeselles que valoren do 1 ó 10 a actividade no seu conxunto, obtendo os seguintes resultados por actividade e centro:




VALORACIÓN FINAL CÁLCULO DA PEGADA ECOLÓXICA




VALORACIÓN FINAL CHARLAS LIXO MARIÑO




VALORACIÓN FINAL OBRADOIRO CREBEIRXS




VALORACIÓN FINAL LIMPEZA DE PRAIAS



VALORACIÓN FINAL CHARLAS E.N.P



VALORACIÓN FINAL ROTEIROS E.N.P.



A valoración final é boa, sendo a media xeral da actividade de sobresaínte. Isto para o CEIDA é de gran agrado, pero na nosa busca da excelencia, somos completamente conscientes de que sempre se pode mellorar e debemos facelo.

Nesta enquisa tamén se preguntaba polos aspectos que máis e menos gustaron. De xeito global destacaron a metodoloxía de traballo e a interacción co alumnado e cambiarían a duración da actividade, engadindo tempo.

A parte dedicada a educación ambiental retomarase de novo co curso escolar, polo que se aproveitará a tempada estival para engadir novas actividades, mellorar as actuais, e buscar novos puntos de traballo que poidan resultar interesantes para os centros educativos. Asemade, non descartamos ampliar a oferta formativa a outras aulas, como poden ser as familias de Formación Profesional vinculadas directa ou indirectamente co medio ambiente.


- **Capacitación Ambiental**

A parte dedicada á capacitación aínda se está desenvolvendo. Como destacábamos no apartado relacionado coa metodoloxía, hai actividades programadas até finais de ano. Asemade, de momento non temos as avaliacións das actividades máis recentes, pero si as cifras de todas.

Destacar que o cuestionario de avaliación entregado ós diferentes participantes buscaba a valoración de diferentes parámetros como a idade dos participantes, a difusión, a duración, o cumprimento das expectativas, etc; xunto tamén, cunha valoración xeral do global da actividade. Esta valoración global é a que se aporta para os programas e xornadas nos que temos o cómputo final da avaliación.


- *As Reservas da Biosfera: oportunidades para o territorio*

Este programa, que contou con 84 participantes, tivo a seguinte valoración final por parte das persoas que se acolleron a realizar a enquisa de valoración:




- *Emerxencia climática: un reto para a humanidade*

A parte de capacitación relacionada coa emerxencia climática tivo un total de 80 participantes, tendo como resultado a seguinte valoración:



- *Conservación e posta en valor do patrimonio natural da provincia da Coruña.*

O número de participantes para esta actividade foi exactamente o mesmo que para a anterior. 80 persoas deixaron a seguinte valoración final:




- *V Encontro Internacional sobre lixo mariño: Crebeiros no mundo*

O encontro contou con 74 participantes en directo a través da canle de Youtube do CEIDA e con 434 visualizacións posteriores contadas até o día que se redacta este documento.

- *Interpretación temática en Espazos Naturais Protexidos*

O curso tivo un total de 37 participantes, cunha valoración final do programa que se reflicta na seguinte táboa:



A acollida do programa foi excelente, esgotándose as prazas en moi pouco tempo. Como se pode ver, a valoración é boa ou excelente na súa gran maioría, o cal motiva ó CEIDA a realizar futuras edicións buscando, por suposto, a mellora dos parámetros que se consideraron menos traballados.

- *O océano: vida e sustento* 10.

Este programa, e asemade os dous seguintes, aínda ten pendente sacar os números da avaliación, debido principalmente a que son moi recentes. O que si podemos destacar de cada un é o número de participantes, tendo este 10 en total.

- *Proxecto Tanza: inclusión social, sector pesqueiro e economía circular*

Formación realizada de xeito presencial, na sede do CEIDA, tendo en total 12 participantes.

- *Reservas da Biosfera e os 50 anos do programa MaB*

Nesta xornada participaron un total de 22 persoas.

- **Divulgación Ambiental**


Na seguinte táboa móstrase a relación entre as exposicións itinerantes que ofertamos dende o CEIDA e o número de veces que se cedeu cada unha.

EXPOSICIÓN	NÚMERO DE ITINERANCIAS
Emerxencia climática	5
Coidando o noso mar	2
O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción	7
Áreas Mariñas Protexidas	1
Patrimonio Marítimo de Galicia	1
Operación Monarca	2
Reservas de Biosfera	2


Entendemos que a disonancia entre cifras é, por unha banda, polas temáticas abordadas e a súa relación co currículo escolar (os centros educativos son os maiores demandantes), e pola outra por mor da súa idade: as máis antigas pídense con menos frecuencia.

- **Asesoramento e Documentación**

No referente ó Centro de Documentación, o número de usuarios é de 806. Dende outubro de 2020 até o 15 de xuño de 2021 fixéronse 1088 préstamos de diferentes índoles bibliográficas, revistas, etc. Os perfís que se achegaron en busca de bibliografía e asesoramento, por porcentaxe, serían os seguintes:



Por outra banda, podemos valorar o tipo de préstamos e/ou consultas realizados:



Tratando agora os números da “*Maleta Océánica*”, entre abril (momento no que estaba preparada para o seu préstamo e uso) e xuño estivo nun total de 4 centros escolares.

Para rematar e para o mesmo período, no referente ó uso de recursos que ofertamos directamente na nosa web, fixéronse 1.500 descargas; pero non podemos saber exactamente cantas son sobre a “*Guía de recursos sobre lixo mariño*”.